

# BANDO

D. MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES, Alcalde do Concello de Pontevedra  
FAI SABER:

Número de expediente:2021/BANDO/000002

## DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE ACORDAN AS NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2021

Todos os anos por estas datas e seguindo un costume que vén dende “ilo tempore”, este Concello adoita lembrar á veciñanza as normas de mantemento das condicións de seguranza para a queima das fogueiras, lumieiras ou cacharelas de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 do mes de xuño.

Á vista das normas en vigor e as xa ditadas polas autoridades sanitarias competentes de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, así como co fin de previr posibles rebrotes, **este Concello non pode este ano autorizar as tradicionais fogueiras veciñais, parroquiais ou de barrio que se viñan celebrando en espazos públicos ou en terreos privados ou comunitarios susceptibles de seren utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, porque nas actuais circunstancias non se pode garantir a seguranza e cumprimento das normas de distancia interpersonal e aforamentos máximos para evitar rebrotes**. Asemade, cómpre facer un chamamento á cidadanía para que **extreme** as precaucións nas fogueiras particulares que teñan lugar nos predios de titularidade privada, a instancia de persoas físicas.

Xa que logo e polos motivos expostos, esta concelleira de goberno delegada da área de Protección cidadá e sostemento dos espazos públicos urbanos propón a adopción das normas para a celebración das fogueiras de San Xoán, polo que esta Alcaldía, de conformidade coa proposta formulada, resolve:

PRIMEIRO.- APROBAR as normas ás que terá que axeitarse a instalación e queima das fogueiras particulares de San Xoán 2021 e o anexo de modelo normalizado 906.

### - NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2021

1ª.- Presentación a través da sede electrónica (sedepontevedra.gal) ou no Rexistro Xeral do Concello, previa cita no teléfono 986850337, do modelo normalizado 906 da comunicación de celebración da fogueira, ou ben, directamente nas dependencias da Policía Local na rúa Alexandre Bóveda en horario de 9:00 a 13:00, antes das 13:00 do día 18/06/2021, facendo constar os seguintes datos da persoa que organiza o acto e que se fai responsable deste:

- Nome e apelidos e documento nacional de identidade da persoa solicitante.
- Situación exacta do predio particular, con número (número do predio, vivenda, etc.), punto quilométrico ou referencia catastral.
- Obriga de coñecer o enderezo e o teléfono do Servizo Municipal de Extinción de Incendios (080), Policía Local (092) e Protección Civil (986 871 188).
- Compromiso de dispor no evento dun teléfono móbil en funcionamento, con indicación na comunicación do seu número.
- Coa documentación achegarase copia do DNI dos responsables.

2ª.- As fogueiras terán que distar un mínimo de 15 metros ás edificacións e árbores. O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros. As persoas asistentes á fogueira non poderán concentrarse a unha distancia inferior á do ancho da fogueira respecto do perímetro exterior.

3ª.- Os materiais a empregar na combustión serán: leña, pólas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase.

Prohíbense calquera outro tipo de material, especialmente: os neumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con PVC en xeral e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou

calquera substancia explosiva. Lémbrese que un bote de aerosol, aínda baleiro, pode orixinar unha explosión importante.

Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

4º.- Prohíbese a realización das tradicionais fogueiras parroquiais, comunitarias ou veciñais en espazos públicos ou en terreos privados ou comunitarios, susceptibles de seren utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, xa que nas actuais circunstancias non se pode garantir a seguranza e cumprimento das normas de distancia interpersoal e aforamentos máximos para evitar rebrotes.

5º.- A persoa solicitante terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os axentes dos Corpos da Policía Local ou Corpo de Bombeiros

6º.- Serán de obrigado cumprimento as normas sanitarias de distanciamento interpersoal, uso de máscaras, aforamentos máximos, limitación da mobilidade nocturna, medidas de hixiene e as de control pola persoa organizadora para evitar aglomeracións, así coma outras semellantes para previr os riscos de contaxio, que poidan ditar as autoridades competentes e que estean en vigor no intre da celebración da fogueira.

Esta Alcaldía, ao tempo que convida a tódolos veciños e veciñas a gozar da celebración desa noite, confía en que se cumpran estas instrucións, ditadas non só para garantir a protección e seguranza no municipio, en conciliación co lecer da cidadanía, senón tamén para evitar posibles rebrotes na propagación do virus, polo que se prega que se estremen as medidas de hixiene e para manter o distanciamento social.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

